



SELECCIÓN DE CANDIDATOS POR PARTE DO INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA AOS PREMIOS EnerAgen 2011

CONVOCATORIA E BASES

CONVOCATORIA:

A Asociación de Agencias Españolas de Gestión de la Energía (EnerAgen), constituíuse no ano 2003 como asociación de ámbito nacional sen ánimo de lucro, ao amparo do artigo 22 da Constitución e da Lei 1/2002, do 22 de marzo, do Dereito de Asociación.

EnerAgen está integrada por Agencias de Gestión de la Energía de ámbito municipal, supramunicipal, autonómico ou estatal, e o seu fin principal é o de promover e fortalecer o papel das axencias de enerxía a calquera nivel, de maneira especial en España e a Unión Europea, respectando o ámbito competencial de cada unha delas, conseguindo así a promoción do uso racional da enerxía, a eficiencia enerxética e a diversificación de fontes de enerxía, fundamentalmente as renovables.

EnerAgen, a través da súa Xunta Directiva convoca anualmente, no ámbito das súas competencias, os **Premios EnerAgen** como unha actividade encamiñada a facilitar as súas axencias asociadas o logro dos seus fins particulares e, en todo caso, a fomentar a utilización das Enerxías Renovables así como o Uso Racional da Enerxía e a Eficiencia Enerxética en todo o territorio nacional.

O Instituto Enerxético de Galicia (Inega), como socia de EnerAgen seleccionará un máximo de 1 candidato en cada unha das 4 categorías que optan a premio dentro do seu ámbito de actuación a Comunidade Autónoma de Galicia, os cales presentará á convocatoria da presente III Edición de Premios EnerAgen.

Por todo o anterior, no marco desta **Terceira Edición dos Premios EnerAgen**, a **axencia** o Instituto Enerxético de Galicia (Inega), seleccionará os seus candidatos a estes premios con arranxo as seguintes





BASES:

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto das presentes bases é regular a **selección de candidatos** que o Instituto Enerxético de Galicia (Inega), presentará aos Premios EnerAgen de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética, na súa Terceira Edición, correspondente a actuacións do ano 2010 ou para a 4ª categoría (D) de premio establecida na base TERCEIRA durante os últimos 5 anos.

SEGUNDA.- Categorias

1.- As categorías correspondentes aos premios convocados nesta Terceira Edición son as seguintes:

- A. Mellor actuación en materia de Enerxías Renovables.
- B. Mellor actuación en materia de Aforro e Eficiencia Enerxética.
- C. Mellor actuación en materia de sensibilización e difusión das Enerxías Renovables e a Eficiencia Enerxética.
- D. Mellor traxectoria en materia de enerxías renovables, aforro e eficiencia e/o promoción e difusión.

2. **Por cada categoría** o Instituto Enerxético de Galicia (Inega), seleccionará **un único candidato**, que presentará aos premios convocados este ano, Premios EnerAgen 2010.

3. Os premios concederanse en recoñecemento ás actuacións executadas no ano 2010, correspondente a esta Terceira Edición dos Premios EnerAgen, excepto na categoría de mellor traxectoria en materia de enerxías renovables, aforro e eficiencia e/o promoción e difusión, na que se valorarán as actuacións executadas polo candidato nos últimos 5 anos (2005-2010).

TERCEIRA.- Prazo e lugar de presentación

1. O prazo de presentación de candidaturas no Instituto Enerxético de Galicia (Inega) comezará o día 9 de maio de 2011 e finalizará o día 30 de xuño de 2011

2. A solicitude e a documentación que acompañe a cada candidatura e que se menciona na base SÉPTIMA desta convocatoria, deberá dirixirse ao Inega



preferiblemente vía correo electrónico (ref. Premios EnerAgen) dirixido a: inega.premioseneragen@xunta.es ou ben por correo postal (ref. Premios EnerAgen) á dirección: Instituto Enerxético de Galicia (Inega), Rúa Avelino Pousa Antelo 5, 15703 Santiago de Compostela.

CUARTA.- Beneficiarios

1. Poderán ser candidatos aos premios calquera persoa, física o xurídica, pública ou privada, entidade, empresa, asociación, organización ou centro de ensinanza que destacasen a nivel nacional, autonómico ou local por su traballo en la realización de proxectos o actuacións de Enerxías Renovables e/ou Eficiencia Enerxética.
2. Quedan excluídas da condición de candidatas e por tanto, beneficiarias, as Axencias de Xestión da Enerxía que formen parte da Asociación EnerAgen.

QUINTA.- Contía dos premios

Os premios estarán dotados economicamente coa cantidade de 2.000 € para o gañador de cada unha das categorías sinaladas na base SEGUNDA. En recoñecemento á actuación premiada, a Asociación entregará, ademais, o correspondente diploma acreditativo, dentro dun acto ao que dará difusión pública.

As Mencións de Honor, se as houberse, recibirán un diploma acreditativo pero non estarán dotadas economicamente.

SEXTA.- Procedemento de concesión

A concesión dos premios realizarase mediante un procedemento de concorrencia competitiva, nel quedará garantido o respecto aos principios de publicidade, igualdade, transparencia e non discriminación.

SÉTIMA.- Presentación de candidaturas

1. As candidaturas aos premios presentaranse de maneira electrónica de acordo co procedemento que se describe neste apartado; dirixidos á dirección e no prazo establecido na BASE TERCEIRA.



2. Unha mesma actuación ou proxecto poderá optar a premio nunha soa categoría das convocadas. Non obstante, un mesmo candidato poderá optar a premio en mais dunha categoría distinta, sempre que o sexa por actuacións diferentes.

3. As candidaturas constarán de:

- i. **Ficha resumen** da actuación e da entidade candidata. Nesta ficha, con unha **extensión máxima de 1 páxina**, constará: o nome e datos identificativos do candidato e da axencia proponente, dirección dos anteriores a efectos de notificacións e categoría á que opta ao premio e un breve resumen da actuación realizada.
- ii. Memoria da actuación na que se detallarán os méritos e características da candidatura. **A extensión máxima de dita memoria será de 8 páxinas**, deixando 2,5 cm de marxe entre o texto e os bordes superior, inferior esquerdo e dereito de todas as páxinas, interlineado sinxelo e fonte Arial de 12 puntos; esta memoria poderá incluír fotografías e/ou imaxes que se alternarían co texto.
- iii. **Presentación da candidatura**, en formato *power point*, con un **máximo de 6 diapositivas**. Esta presentación servirá ao xurado para valorar a candidatura, ademais de, no caso de ser elixida gañadora, ser proxectada na gala de entrega dos premios.

4. Todo o material presentado (ficha, memoria e presentación *power point*) quedará en propiedade do Instituto Enerxético de Galicia (Inega). A documentación do candidato que a axencia seleccione en cada categoría para concursar aos premios EnerAgen pasará a ser ademais, propiedade de EnerAgen, a cal poderá facer uso del aos efectos que estime oportunos, entendéndose que, polo mero feito da súa presentación, os candidatos aceptan esta condición.

5. No caso de que a documentación presentada se encontre incompleta ou presentase erros enmendables (máximos de páxinas, ou diapositivas, formatos, compatibilidade con equipos informáticos, etc.), requirirase á entidade candidata para que, no prazo de 10 días hábiles, enmenden a falta, con advertencia de que, se non o fixesen, se lles terá por desistidos na súa proposta.

OITAVA.- Avaliación e fallo do Xurado

1. A avaliación das candidaturas de cada premio levarase a cabo por un Xurado designado para esta convocatoria, pola Xunta Directiva de EnerAgen.





2. En dita avaliación valorarase, a efectos do fallo que deba recaer, a orixinalidade da actuación, o seu carácter innovador, a súa potencialidade para estenderse a outros ámbitos territoriais, a súa posible aplicación comercial, a repercusión obtida no seu ámbito xeográfico e todas aquelas outras características que contribúan a lograr un efecto multiplicador no fomento e utilización das Enerxías Renovables e/ou a Eficiencia Enerxética.

3. O Xurado estará formado por un máximo de cinco representantes de recoñecido prestixio dos sectores da política, da tecnoloxía, do ámbito universitario, periodístico e empresarial.

O seu fallo será inapelable e farase público no prazo máximo de dous meses dende o de finalización de presentación de candidaturas.

NOVENA.- Resolución e notificación

1. O Xurado elevará o seu fallo á Xunta Directiva de EnerAgen, quen o notificará aos candidatos premiados e as súas axencias proponentes, publicando na súa páxina web os nomes dos gañadores.

2. A entrega dos premios levarase a cabo nun acto público convocado ao efecto por EnerAgen.

DÉCIMA.- Aceptación das bases

A presentación de candidaturas a os premios EnerAgen supón a aceptación incondicional de todos e cada un dos puntos das presentes bases.

Santiago de Compostela a 5 de maio de 2001.

O DIRECTOR DO INEGA

Eliseo Diéguez García

